

Carta de Napoli

Unha cidade a lévedo lento

XAVIER QUEIPO

Din que sempre hai unha primeira vez, para ver o mar ou montar de paquete nunha moto, para facer o amor ou contemplar unha alborada. Mais nin sempre as primeiras veces son as mellores, como é ben sabido e como neste caso logo se verá.

Teño que dicir que a primeira vez que tiven viaxe marcada a Napoli, tiña eu en mente o estereotipo de cidade corrupta onde existe o goberno paralelo (ou complementario, segundo paralaxes) dunha organización criminal, que recibe o nome de “Camorra”. Dende o primeiro instante quixen desfacerme desa imaxe e tratar de entender a cidade. Non foi fácil. Tiven, así e todo, a sorte de que a escritora galega Luísa Castro dirixira na altura a sede do Instituto Cervantes. Acolledora como ela é, acordamos vernos a cear a noite da miña chegada. A cea, ben, e a conversa, tamén moi interesante. Coincidiramos na Compostela do inicio dos oitenta con amigos comúns e daquela foi unha conversa nostálgica, que acae moi ben para unha sobremesa seguida dun paseo polas lindes do Quartieri Spagnoli, un pequeno labirinto de rúas que non é aconsellábel frecuentar na noite. O paseo resultou agradábel e Luísa, logo de me descubrir o Caffè Gambrinus, toda unha institución na via Chiaia (non o perdan), en boa anfitrioa, acompañoume á porta do hotel, o que lle agradecín. Eu chegara á cidade xa anoitecendo, que é circunstancia que non axuda a se orientar con facilidade¹. Non se imaxinan ademais, o ben que senta ese rol de sentirse protexido nunha cidade descoñecida para un.

Varias vistas de traballo

Despois desa primeira ocasión visitei Napoli varias veces, case todas elas por razón de traballo, como tamén fora a vez primeira. Xa poden supo-

ñer en que consisten esas viaxes. Normalmente un acodé a unha conferencia internacional que se desenvolve no día a seguir, poñamos de nove a cinco (que é o horario típico destas xuntanzas). Un chega o día anterior, poñamos as oito da tarde, deixa que o taxista pida o que lle convén (esqueceu de prender o taxímetro e insiste en que hai acordado un prezo fixo que son, poñamos 50 euros). Un está canso e non ten o día para relear. O taxista fai que non entende cando lle dis o enderezo do hotel e, vendo que non é de primeira clase, ponse a explicar os problemas daquela zona, as obras, a delincuencia e demais, intentando que mudes de idea para ir a outro hotel onde el coñece o empregado que está no mostrador, que pode facer un prezo pois vas recomendado (por el, polo taxista, que, enténdase, levará comisión no intercambio). Comeza a farfallar cando non aceptas o seu negocio e remata por deixarte no medio de ningures dicindo que as obras non o deixan pasar e que o hotel está nesa rúa (sinala por aproximación), que te amañes como poidas. Unha escena similar aconteceme dúas das tres veces que fixen o itinerario do aeroporto até a cidade. Pensei entón na novela de Curzio Malaparte, *La pelle*², que relata as experiencias do enlace italiano das forzas de ocupación americanas durante a Segunda Guerra Mundial. Un libro inzado de innúmeras anécdotas con personaxes picarescos, que sempre están intentando facer negocio cos incautos, e onde se critica a inxenuidade das tropas invasoras americanas diante dos espelidos napolitanos.

Unha vista pausada


A última vez que estiven en Napoli foi en maio de 2017. Alí chegamos en tren logo dunha accidentada viaxe dende Roma. Accidentada pola ve-

Xavier Queipo é biólogo molecular, médico e escritor.

Fotografías Cé Tomé

locidade do tren (mínima), polos pasaxeiros que nos tocaron nas cadeiras próximas (de aspecto atrabiliario), pola néboa mesta que nos acompañou unha boa parte do traxecto (de Minturno a Canello, case unha hora de traxecto) e porque non levabamos abonda provisión de líquidos para tan longo percorrido.

En troques de coller un hotel, tiñamos alugado un cuarto nunha B&B, o que fixeramos a través dunha páxina de Internet e dun contacto telefónico co propietario. O rapaz³ que nos acompañou na súa casa era ben educado e indicounos o camiño a seguir para ir dende a estación Garibaldi até a Chiesa dei Santi Apostoli, onde se encontraba a súa casa. Non puidera irnos buscar á estación pois saía nese mesmo instante do seu escritorio, de xeito que chegaríamos máis ou menos ao mesmo tempo. De camiño fixémonos unha idea das características do barrio (estaba próximo á estación de ferrocarril, mais nunha calxa difícil de atopar). O acceso á casa era magnífico, o noso cuarto estaba ben situado, sen vistas á rúa mais con acceso a unha terraza onde poderíamos almorzar con tranquilidade, fóra da vista dos veciños. Indicounos que esa mesma noite nun barrio próximo (Sanità) había unha festa típica que non debíamos perder. El ía ir cuns amigos e se cadra podíamos vernos no lugar e tomarlle algo. Pasadas unhas horas atopámonos nunha pizzería, mais eles estaban á espera de quenda para poder entrar e nos tiñamos moita fame. Seguimos camiñado (comezara a chover) e refuxiámonos literalmente nunha carpa, que era, á súa vez, a terraza dunha peixería, mais como estaban de festa tamén servían comidas pola noite. A sensación foi a de entrar por un funil de tempo e atoparse na posguerra tal e como é descrita por Curzio Malaparte en *La pelle*: unha camareira en



Baixada ao Quarteri Spagnolli

1. Xa sei que agora hai sistemas de navegación que funcionan co teléfono móbil, mais hai unha ducia de anos eu non tiña un teléfono con acceso a Internet, e as redes wifi estaban nos seus inicios.
2. Hai un filme de 1981, dirixido por Liliana Cavani, que no seu momento tivo moito éxito. Non vin o filme e daquela non sei se reflicte ben o ambiente da novela, que é magnífica. Si, xa sei que Curzio Malaparte foi membro do Partido fascista, mais que escribía ben, ou é que só podemos ler os santos laicos que só escriben baballadas? O libro foi incorporado polo Vaticano no catálogo *Index Librorum Prohibitorum*, o que foi, xa de seu, un mérito engadido.
3. Nótese que por deformación lingüística chamo rapaz a calquera que sexa máis novo ca min, un costume familiar que se cadra debería revisarse.



Piazza del Plebiscito, coa basilica de San Francisco de Paula

tensión e con dor de cabeza, un par de cocíneiros cantando unha romanza, un aprendiz de camareiro que tería como moito unha ducia de anos, pouca luz, cubertos e pratos de plástico, mesas de campamento, pingueiras varias. O certo é que ceamos ben e por unha cantidade que correspondía co funil do tempo antes mencionado (ou se cadra, *chi lo sa*, fixéronnos un galano porque era a festa patronal, falámoslle en italiano creativo e non fomos nada exquisitos á hora de aceptar as normas da casa). Para resaltar o enxebrismo do lugar (peixería a diario - trattoria ocasional) estaba decorado con fotos de Totò (un cómico famoso en Italia hai medio século), de Maradona (por descontado), do Papa Francesco e de San Gennaro⁴ (o patrón de Napoli, ese cuxo sangue callado se converte en líquido para beizón dos napolitanos).

Deixara de chover e daquel posto pasamos aínda a outro máis sinistro, pois fomos tomar unha infusión e unha sobremesa a unha pastelería onde se celebraba ou o aniversario dunha muller viúva ou un banquete funerario. Difícil de discernir, pois había un fato de mulleres e nenos todos vestidos de negro, que de cando en cando se achegaban a outra muller, sentada no fondo da sala, que recibía as condolencias ou os parabéns (nunca soubemos) ao tempo que saloucaba dúas

ou tres frases (sempre as mesmas) que entre as distancia física e lingüística (falaban de certo nun dialecto do italiano padrón) non fun quen de reter.

Cando regresamos á casa, observamos como a roupa que deixáramos a secar na terraza antes de saír estaba tinguida pola cinza do volcán mesturada coa auga da treboada. Estaba claro que viñamos dun país onde non tiñamos experiencias con volcáns. Nin pola cabeza se nos pasara indagar en certas normas de conducta a observar “baixo o volcán”.

Foron pasando os días baixo a vixilancia distante do Vesubio, que de cando en cando deixaba saír nubes de fume e cinza como as que nos lixaran a roupa que deixáramos a secar no primeiro día. Fixemos dúas excursións magníficas, unha a Pompei e outra a Sorrento. A primeira, estaba programada xa dende que saímos de Roma e a segunda foi decidida *all'improvviso*, unha ocorrencia do momento: “Temos que ir a Sorrento para poder regresar algún día”⁵.

Unha cidade especial

Napoli sempre foi unha cidade especial. Lembro como unha das primeiras referencias persoais a lectura da novela *El amante del volcán*, de Susan



Graffiti na rúa Salvatore Roca

Sontag⁶ e constato, porén, que non é de agora, que, de sempre, dicir “caos” foi dicir Napoli ou viceversa. Non falo só do tráfico —asustador—, senón tamén do número incontábel de *vici, viccioli, vie, larghi, piazze e piazzette*, que constitúen en si mesmas unha rede labiríntica que precisaría de varios Dédalos para ser deseñada, que foi xurdindo co tempo, por aposición, destrución e reconstrución posterior, por lévedo en estratos de inmundicia e corrupción de xeito que xa non se distingue ben onde comeza a construción e onde o esboroar dos alicerces, nin falo da miríade de igrexas e o concerto sincopado dos moitos *campanili* da contorna, dos amoreamentos de lixo espallados por esta cidade sumidoiro, que dende a cidade alta verte as súas inmundicias cara ao mar, pasando por ese podreidoiro que é o Quartieri Spagnoli.

Napoli sempre foi unha anomalía, no tempo dos Borbóns e no tempo presente. Unha gran parte do centro da cidade nunca foi conquistada, contra norma, polas clases medias, de xeito que a configuración atípica fai que se pareza máis a unha cidade centroamericana que mediterránea. Lin algures que foi a falta de servizo de luz eléctrica mesturada co esoterismo levado ao extremo da obsesión o que propiciou a construción de pequenas capelas e altares iluminados nas calexas

4. Trátase de dúas ampolas que segundo a tradición popular conteñen o sangue do Santo. Chegabamos en boa hora, pois o día seguinte (primeiro sábado de maio) habería unha cerimonia onde o sangue de San Gennaro se convertería de xel en líquido, o que de non acontecer sería interpretado como un signo de mal agoiro polos napolitanos.

5. Remedando aquela canción “Torna a Sorrento”, tan popular e tan celebrada polos mellores tenores de todas as épocas.

6. Esta foi a obra que para moitos críticos consagrou a Susan Sontag como gran novelista: unha reflexión verbo da sociedade do século XVIII a partir do triángulo amoroso entre William Hamilton —embaixador británico en Napoli—, a súa esposa e o almirante Nelson, acompañados por moitas das grandes figuras do momento, esta novela histórica pouco convencional, fala do sexo e da revolución, de arte e da obsesión do coleccionista, mais sobre todo de amor, o que a converte nunha novela histórica pouco convencional.

7. Walter Benjamin e Asja Lacin, “Nápoles”, en *Frankfurt Zeitung*, 19-VIII-1925.



Igrexa no barrio de Avocatta

dos barrios céntricos máis populares de Forcella, Sanità ou Tribunali. Esas capelas que lembraban as ánimas foron nestes últimos anos ampliadas polas improvisadas capelas laicas, onde os mortos pola violencia da Camorra ou da Policía se deixan ver en graffitis que reproducen a cara do axustizado. Nelas, os populares depositan flores, mensaxes e candeas. Esa imaxe reforza a xa tradicional mestura, cando non promiscuidade, entre os santos protectores e o crime organizado. Esa é unha traxedia que se repite dende hai séculos, cunha serie de mortes secuenciais dos mozos que nas súas motocicletas de pequena cilindrada percorren a cidade toda levando mensaxes ou perpetrando pequenos furtos, asaltos a man armada ou *vendette* ao servizo dos seus clans. Hai quen diga que Camorra e policía son as dúas caras da mesma moeda, a da corrupción herdada dos Borbóns e que, como apuntaban Walter Benjamin e Ajsa Lacis que escribiran a catro mans sobre a súa estadía en Napoli, “Só a Igrexa e non a policía é quen de pór a rego a ese autogoberno da delincuencia que é a Camorra”⁷.

Eu non son moito de visitar ruínas de pazos decadentes, museos de arte sacro e igrexas coas paredes esconchadas, loxas de luxo algo sobrecargadas e lugares onde acampa o xurro e a miseria, aínda que si aprecio o caos calmo ou o carácter heteróclito de certas vilas. Supoño que haberá xente á que lle guste o exotismo dos barrios mi-

serentos e, se cadra, o contraste coa opulencia. Non é o meu caso, por moito que tradicionalmente Napoli fose a capital cultural do comunismo italiano, de riqueza decadente e mitoloxía do crime organizado, dos que din repartir os botíns dos roubos coas clases menos favorecidas, dos que adoran a Maradona e constrúen altares para santos laicos sexan estes futbolistas ou rateiros de pouco pelo.

A visita a Napoli e os seus arredores constituíron para nós xornadas épicas, no seu dobre senso de xeiras de descuberta e de esforzo titánico. Non foi raro o día en que andamos baixo un sol potente vinte e cinco e até trinta quilómetros, tirando fotos e notas, sentíndonos perdidos e sen posibilidade de recuar, abraiándonos pola singularidade e tantas veces a ruína dos pazos señoriais, onde o barroco e o neoclásico se suceden nos ángulos máis diversos, onde caen as paredes e as columnas xa non soportan os andares, que van cedendo de pouco a pouco, mentres aqueles obxectos, outrora parte do mobiliario e a decoración dos pazos, atopan albergue nos trinqués das salas de anticuarios e nas loxas de segunda man.

Napoli é cidade difícil, incómoda para vivir e fantástica para paseala sen ter nada específico que facer, so admirar os *palazzi* e as *chiese* construídos con pedra volcánica, porosa, os *vici* e as *piazzette* habitados por toda caste de rateiros, as ruínas e os costumes da xente, con eses nenos que xogan ao fútbol na fachada da Chiesa de San Gennaro diante dos *carabinieri*. Esa imaxe fíxome precisamente regresar á nenez en Compostela cando xogabamos ao balón na praza da Quintana. Algo que estaba prohibido e que facía tolear aos vilegos, mais que faciamos así e todo como estes rapaces de Napoli, en aparencia libres mais dalgún xeito condenados a ser carne de canón das liortas entre familias, que darán cabo deles cando novos.

A outros autores como Walter Benjamin ou Blasco Ibáñez non se lles ocultou a beleza e a importancia de Napoli. Benjamin chegou aínda a comparala con Londres e París, dándolle vantaxe á cidade italiana pola súa situación xeográfica, o carácter festivo da súa poboación, unha nobreza innúmera e moi rica e unha corte admirábel (fala, claro, do século XIX). Pola súa parte Blasco Ibáñez —tamén no século XIX— resaltaba a súa baía e o sol espallándose no mar na punta de Posillipo. Eu non podoo ter opinión desa época, mais agora, aos meus ollos de observador, se fica aínda algo de sedutor nesta cidade é a súa desorde, o seu caos, o seu carácter imprevisible. Coido en pensar, que os dous —Walter e Vicente— ficarían decepcionados coa cidade de hoxe, chea de lixo e convertida nun fervedoiro de violencia e corrupción. Houbo quen chegou a dicir, como Goethe, que logo de ver Napoli xa podes morrer.



Vitrina nunha tenda de antigüidades

De todos xeitos, tamén foi Goethe quen prefería a inxustiza á desorde e daquela non resulta para min un referente (cadaquén ten os seus).

Se cadra porque asomarse a esta gran metrópole borbónica sexa sempre asomarse ao imprevisito. Agora penso que fun un algo inxusto coa cidade, co seu presente e o seu futuro. Se cadra quixera, chi lo sa, regresar para verificar se a miña visión foi errada e parcial, condicionada e pouco obxectiva. Se cadra o faga (o fagamos, espero), pois houbo algúns aspectos que me gustaría salienta como o amábel que resultou o trato da meirande parte da poboación (sempre hai excepcións, onde non?), o agradábel da vivenda que nos acolleu, o ben que comemos e as descubertas culinarias que alí fixemos case todas elas a bo prezo (non perdan Donna Sofia, na vía dei Tribunali), o tempo magnífico e esa sensación de estar vivindo na nenez, onde se podía xogar ao balón contra a parede da catedral, as motos serpeaban entre a xente nos pasos de peóns (ficticios, non estaban pintados no chan) e a policía nunca estaba na hora xusta (ben, iso segue acontecendo hoxe).

No día seguinte partiamos para o norte de Italia, se cadra a Torino (que tanto nos gustara en ocasións anteriores) ou para Milano, onde hai unha exposición antolóxica de Keith Haring que nos gustaría visitar ■



Graffiti e sinal de boca de incendios